REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 15.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 34287 (10/POC-005446)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a adaptación dos menús nos seguintes centros escolares: CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda, CEIP Bergantiños e CEIP Gándara Sofán, de Carballo, e CEIP Joaquín Rodríguez Otero e CEIP Milladoiro, de Malpica de Bergantiños
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018

1.2 37605 (10/POC-005940)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema universitario de Galicia 2013-2014
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

1.3 37689 (10/POC-005949)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre os datos referidos ás listaxes de espera para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira nas escolas oficiais de idiomas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

1.4 38077 (10/POC-006006)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a valoración do Goberno galego dos avances producidos na mellora da implantación do xadrez como materia na educación secundaria, de acordo coa Orde do 15 de xullo de 2015, as accións formativas desenvolvidas para dotar o colectivo docente dos recursos necesarios para a formación do alumnado, así como os obxectivos previstos nese ámbito para os próximos anos e as actuacións que se van levar a cabo para a súa consecución
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

1.5 38175 (10/POC-006025)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente en relación coa presunta destrución do castro do Monte da Trindade ou castro de Flores, situado

entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, a consecuencia da actividade extractiva desenvolvida nunha canteira, así como as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

1.6 39401 (10/POC-006181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

Punto 2. Pròposicións non de lei

2.1 39091 (10/PNC-003132)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección, conservación e acceso da cidadanía ao mosteiro de Oia, así como a posibilidade da súa reversión ao patrimonio público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar	P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera	P

Secretaria

Luca Chao Pérez	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
María de la Concepción Burgo López	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
César Manuel Fernández Gil	P
Carlos Gómez Salgado	P
María Isabel Novo Fariña	P
Olalla Rodil Fernández	BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 15.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 34287(10/POC-005446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a adaptación dos menús nos seguintes centros escolares: CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda, CEIP Bergantiños e CEIP Gándara Sofán, de Carballo, e CEIP Joaquín Rodríguez Otero e CEIP Milladoiro, de Malpica de Bergantiños

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34287
Data envio: 03/08/2018 09:27:06.660

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luis Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Os centros escolares CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro de Cerceda, CEIP Bergantiños e CEIP Gándara Sofán de Carballo e os CEIP Joaquín Rodríguez Otero e CEIP Milladoiro de Malpica de Bergantiños atópanse no denominado como Lote 3 da adxudicación de comedores escolares.

O dito servizo foi adxudicado á empresa General de Servicios y Contratas Reunidas, SA (GESCOR), que elabora os menús para estes cinco centros na cociña do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, un total de 342 menús, dos que 67 menús son para servir e consumir no mesmo centro escolar e os outros 275 para transportar, servir e consumir nos outros catro centros.

Durante este curso escolar houbo varias deficiencias no servizo que foron detectadas e comunicadas á empresa, sendo a maioría delas corrixidas, persistindo algunhas que se consideran de moita importancia:

Falta de pago a provedores da zona, na súa maioría pequenas empresas, que non teñen capacidade para manter retrasos no cobro das facturas, algunhas de máis de catro meses.

A facturación do servizo de comedor aos pais e nais non se realizou mensualmente, acumulándose no último período seis meses, o que supuxo un inconveniente importante para as familias que tiveron que aboar por xunto estes recibos.

Os pais e as nais deste centro escolar manifestaron a súa conformidade cos menús que se proporcionan, así como coa cantidade de comida por menú. Non obstante, solicitan que se muden algunhas prácticas habituais como que os menús aprobados pola Consellería contemplen o feito de non repetir na mesma semana

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34287
Data envio: 03/08/2018 09:27:06.660

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

ingredientes concretos, como arroces …, que no presente curso resultaron excesivamente insistentes, así como menús moi pouco atractivos para os nenos e nenas dos nosos centros galegos (salmorexo, salmonetes) que poden ser substituídos, con facilidade, por outros menús.

Á vista destes datos, e tendo en conta que dentro dun mes comeza o novo curso escolar e, polo tanto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento destes feitos a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria?

2ª) No caso de coñecelos, ten feita algunha xestión para que fosen corrixidos na maior brevidade posible?

3ª) Vai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adaptar os menús para que sexan máis atractivos para os nosos cativos, sen minguar a súa calidade nutricional?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/08/2018 09:23:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/08/2018 09:24:01

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/08/2018 09:24:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 15.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 37605(10/POC-005940)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema universitario de Galicia 2013-2014

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 10:23
Nº Rexistro: 37605
Data envio: 26/09/2018 10:23:44.323

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Un dos moitos obxectivos do Sistema Universitario Galego (SUG) é intentar alcanzar a maior ratio de inserción laboral dos seus egresados e facelo no menor tempo posible.

Para coñecer este obxectivo a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ven desenvolvendo enquisas entre os seus ex alumnos e alumnas para poder medir, coñecer e valorar eses resultados e así poder tomar medidas en relación a mellora da empregabilidade.

Recentemente a ACSUG presentou o estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2013-2014.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Qué valoración fai o goberno galego sobre os datos que se desprenden do estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2013-2014?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 26/09/2018 10:14:22

César Manuel Fernández Gil na data 26/09/2018 10:14:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 10:23
Nº Rexistro: 37605
Data envio: 26/09/2018 10:23:44.323

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Maria Antón Vilasánchez na data 26/09/2018 10:14:42

Teresa Egerique Mosquera na data 26/09/2018 10:14:51

Carlos Gómez Salgado na data 26/09/2018 10:18:42

María Isabel Novo Fariña na data 26/09/2018 10:19:04

Antonio Mouriño Villar na data 26/09/2018 10:19:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/09/2018 10:19:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 15.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 37689(10/POC-005949)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos referidos ás listaxes de espera para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira nas escolas oficiais de idiomas

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 13:17
Nº Rexistro: 37689
Data envio: 27/09/2018 13:17:15.588

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª,** relativa ás listaxes de espera nas escolas oficiais de idiomas.

As escolas oficiais de idiomas constitúen unha rede de centros públicos de ensino de idiomas que, do mesmo xeito que o resto de ensinos regrados, sufriron duramente os recortes. Estas escolas permiten que a maioría de alumnas e alumnos poida acceder á aprendizaxe dunha segunda e/ou terceira lingua estranxeira desde os 16 anos, abonando unha matrícula anual que é moi inferior á contía dunha escola de idiomas privada. Neste senso, é fundamental garantir unha oferta variada, suficiente e de calidade.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cantas persoas viron denegada a súa solicitude nas escolas oficias de idiomas galegas nos últimos cinco cursos académicos?

- En que idiomas?

- En que centros?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 13:17
Nº Rexistro: 37689
Data envio: 27/09/2018 13:17:15.588

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/09/2018 13:13:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2018 13:13:54

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 15.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 38077(10/POC-006006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego dos avances producidos na mellora da implantación do xadrez como materia na educación secundaria, de acordo coa Orde do 15 de xullo de 2015, as accións formativas desenvolvidas para dotar o colectivo docente dos recursos necesarios para a formación do alumnado, así como os obxectivos previstos nese ámbito para os próximos anos e as actuacións que se van levar a cabo para a súa consecución

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38077
Data envio: 03/10/2018 14:06:05.395

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Resulta amplamente coñecido e recoñecido o valor pedagóxico do xadrez na formación de nenos e nenas, tanto no plano educativo como no puramente persoal, debido á potenciación de capacidades cognitivas e sociais, por distintos motivos. A investigación no eido deportivo e educativo ten reforzado en numerosas ocasións as potencialidades que o xadrez ten como ferramenta de socialización e de aprendizaxe e desenvolvemento de capacidades.

O xadrez está incluído no sistema educativo en Galicia como materia de libre configuración autonómica elixible, segundo foi Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. Esta mesma orde se recolle a programación das materias (DOG, martes 21 de xullo de 2015).

Este avance deuse despois de moitas iniciativas colectivas promovidas dende o eido do xadrez, tanto a nivel dos colectivos deportivos (federacións a distintos niveis) como entidades privadas que promocionaron o xadrez a través de diversas fórmulas, durante moitos anos. Dende o plano institucional existiron diversas indicacións e acordos do Parlamento Europeo para impulsar a introdución do xadrez no ámbito educativo, e acadouse un acordo fundamental no Congreso dos Deputados de febreiro de 2015 para impulsar o proxecto de Ajedrez en la Escuela. De maneira paralela a Galicia tamén outras comunidades autónomas promoveron a súa inclusión dentro das programacións académicas na ensinanza obrigatoria.

Conforme a estes acordos e avances, é necesaria a formación na materia de xadrez ao profesorado de Galicia para poder ofertar, na medida do posible, a oportunidade de cursar a materia de xadrez aos/ás alumnos/as do sistema educativo. A pesares dun inicio moi voluntarioso, os avances nesta materia teñen sido mínimos nos últimos tempos, conqueríndose poucas melloras e enlentecendo a aplicación desta posibilidade nos centros de secundaria de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38077
Data envio: 03/10/2018 14:06:05.395

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre os avances producidos de cara a conquerir unha maior implantación do xadrez como materia no ensino secundario de acordo coa Orde de 2015 que abría a súa implantación no sistema?

2. Que accións de formación ten desenvolvido a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para dotar dos recursos necesarios ao colectivo docente galego para a formación de alumnos na materia de xadrez?

3. Que obxectivos formula o Goberno de Galicia para os próximos anos na implantación do xadrez no sistema educativo de Galicia? Que accións ten previstas para a consecución destes fins?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/10/2018 14:03:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2018 14:03:27

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/10/2018 14:03:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/10/2018 14:03:40

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 15.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 38175(10/POC-006025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente en relación coa presunta destrución do castro do Monte da Trindade ou castro de Flores, situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, a consecuencia da actividade extractiva desenvolvida nunha canteira, así como as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente arredor do Castro do Monte da Trinidade ou Castro das Flores entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá, e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Após unha denuncia presentada por Mariña Patrimonio e Adega, a Fiscalía de Medio Ambiente de Galiza investigará a presunta destrución dun xacemento arqueolóxico situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo.

O Castro do Monte da Trinidade ou Castro das Flores tería sido destruído por mor da actividade extractiva mineira que se desenvolve nunha canteira situada na zona, malia que o xacemento está incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza, goza de protección no Concello de Lourenzá desde 1995 e ficaba excluído desde o ano 2000 da concesión mineira outorgada polo Goberno.

Por se os feitos denunciados non fosen o suficientemente graves, Adega e Mariña Patrimonio aseguran –logo das pesquisas realizadas e da documentación recompilada—que a Xunta de Galiza podería ter amparado esa destrución a través do Servizo de Patrimonio da Consellaría de Cultura en Lugo.

E é que, en marzo de 2016, o arqueólogo de Patrimonio en Lugo emite un informe no que propón excluír do preinventario de Cultura o Castro das Flores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asegurando que logo dunha "prospección" realizada por el, non ve indicios de ningunha estrutura arqueolóxica nin restos que permitan caracterizar a existencia dun xacemento.

Cómpre lembrar que o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo, documentou na súa tese doutoral dez anos antes (en 2006) que unha canteira "comera" case todo o terreo da zona norte do castro –segundo recolle o xornal *El País*; e en 2008 após unha denuncia presentada por un particular diante do Concello de Mondoñedo, o propio Vigo inspecciona a explotación e atopa restos arqueolóxicos como cerámica, ósos, metais e unha brosa votiva de bronce cun torques labrado no gume das que apenas existen media ducia de exemplares no noso país.

Ese ano (2008) o daquela alcalde do BNG no Concello de Mondoñedo, Orlando González, pon en coñecemento de Patrimonio a situación confirmando o arqueólogo da Xunta de Galiza que se trata dun espazo catalogado polas normas subsidiarias do PXOM de Lourenzá desde 1995 e que tamén está incluído no Catálogo da Consellaría de Cultura.

Desde o Bloque Nacionalista Galego perante toda a documentación aportada por Mariña Patrimonio e Adega consideramos totalmente inadmisíbel que, con todos estes datos, o arqueólogo do Servizo de Patrimonio de Lugo redixa un informe no que di, literalmente, que considera: "hai elementos de xuízo suficientes para propor a exclusión de ambos os dous elementos do preinventario" e mesmo insta o Concello de Mondoñedo a excluír do Plan Xeral de Ordenación Municipal o xacemento do Monte da Trinidade.

Desde 2017 Adega e Mariña Patrimonio presentaron denuncias diante da Consellaría de Industria e de Cultura sen que ningunha delas fose atendida.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o BNG todos os feitos denunciados son un exemplo máis do grao de desprotección que atinxe o patrimonio arqueolóxico en Galiza pois o Castro das Flores súmase ás numerosas denuncias que se veñen sucedendo arredor dos danos que a actividade industrial –nomeadamente mineira e madeireira, está a causar sobre bens patrimoniais de incalculábel valor, especialmente na provincia de Lugo.

Por todo o exposto con anterioridade formúlanse as seguintes preguntas para reposta oral en comisión:

- Tiña coñecemento a Xunta de Galiza da actividade mineira que estaba a desenvolverse no Castro das Flores? E dos prexuízos que isto causaba ao xacemento?

- Sabía o Goberno galego que o Servizo de Patrimonio de Lugo estaba a propor a retirada do xacemento do preinventario e do PXOM do Concello de Mondoñedo?

- En que estado se atopa actualmente o castro?

- Se, como denuncian Adega e Mariña Patrimonio, a actividade mineira supuxo a práctica destrución do xacemento, por que a Dirección Xeral de Patrimonio non protexeu debidamente este espazo catalogado?

- Por que non investigou a Xunta de Galiza as denuncias presentadas por Adega e Mariña Patrimonio?

- Como valora o Goberno galego a súa actuación ao longo deste tempo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas ou actuacións ten adoptado ou prevé adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 13:11:13

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 13:11:19

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 13:11:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 13:11:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envio: 04/10/2018 13:16:12.980

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 13:11:24

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 13:11:25

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 15.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 39401(10/POC-006181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adxudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39401
Data envio: 25/10/2018 18:05:17.338

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a anulación por nepotismo dunha praza adxudicada pola Consellaría de Educación no concurso xeral de traslados de 2016.

O 25 de outubro de 2018 o TSXG ditou sentenza arredor da denuncia presentada pola CIG-Ensino co gallo do concurso xeral de traslados que tivo lugar en 2016.

A Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Educación, adxudicou unha praza a unha docente –anterior directora do MUPEGA-- para que impartise docencia na Escola de Restauración de Bens Culturais de Pontevedra.

Previamente, en 2014, xa intentara incorporar de maneira irregular a mesma persoa a unha listaxe de interinos cando era funcionaria de carreira en Asturies. A administración fracasou, naquela altura, debido ás queixas presentadas por persoas prexudicadas con este proceso mais nomeouna directora do Museo Pedagóxico de Galiza, cargo de libre designación (ORDE do 13 de abril de 2015, DOG nº77).

De acordo coa sentenza do TSXG a praza adxudicada na Escola de Restauración foi creada ‘ad homine’ no que considera unha “torcida actuación” da administración ao crear especificamente unha praza dunha especialidade que non se imparte neste centro de ensino nin en Galiza (conservación e restauración de documento gráfico) e que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39401
Data envio: 25/10/2018 18:05:17.338

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tampuco foi reclamada pola Escola. O único obxectivo, pois, ao que respondeu a decisión foi o de colocar a beneficiaria.

Xa en 2016 a Valedora do pobo, diante da queixa presentada pola CIG-Ensino, sinalou na súa resolución que "existen indicios suficientes para cuestionar a legalidade dos feitos, o que convertiría o acto administrativo que constitúe a adxudicación desta praza nun acto arbitrario".

Para o Grupo parlamentar do BNG os feitos probados pola sentenza son gravísimos e describen un claro caso de nepotismo ou enchufismo, en definitiva, unha cacicada. Desde que se fixo público este caso no ano 2016 tanto o persoal da Escola de Restauración como a central sindical que interpuxo o recurso denuncian que a persoa adxudicataria posúe vínculos familiares coa Secretaria Xeral de Igualdade e que non era esta a primeira ocasión en que tentaron colocala no centro de ensino o que evidenciaría unha vontade clara de beneficiala valéndose da administración pública e do poder que o executivo posúe.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza a sentenza do TSXG que anula a adxudicación dunha praza na Escola de Restauración de Pontevedra por enchufismo?

- Vai executar a sentenza de maneira inmediata a Consellaría de Educación?

- Por que enchufou a Consellaría de Educación unha persoa creándolle unha praza ad-hoc, como ficou demostrado polo TSXG?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39401
Data envio: 25/10/2018 18:05:17.338

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A sentenza sinala a relación familiar da Secretaria Xeral de Igualdade e a persoa que resultou adxudicataria da praza de maneira ilegal, pensa adoptar o Goberno galego algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2018 18:01:34

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2018 18:01:38

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2018 18:01:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2018 18:01:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 18:05
Nº Rexistro: 39401
Data envio: 25/10/2018 18:05:17.338

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2018 18:01:42

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2018 18:01:44

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 15.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Pròposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura
Día: 15.11.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 39091(10/PNC-003132)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección, conservación e acceso da cidadanía ao mosteiro de Oia, así como a posibilidade da súa reversión ao patrimonio público

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:49
Nº Rexistro: 39091
Data envio: 18/10/2018 16:49:37.234

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.ª,** relativa á protección do Mosteiro de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai unha Historia coñecida.

O Mosteiro é un emblema do Concello (representado no escudo) e de toda a comarca. Algúns autores xa falan da súa existencia en tempos de Martiño de Dumio no século VI e outros atribúen a súa fundación a san Froitoso de Braga un século máis tarde. No século XII hai referencias a unha comunidade monástica, pero é no 1137 cando ten lugar a súa fundación, para logo incorporarse á Orde do Císter no ano 1185. Após a desamortización de Mendizábal, o Estado fai unha poxa pública do mosteiro en lotes e a igrexa pasa a ser parroquial. O século XX supón un constante cambio de mans. O Mosteiro e BIC dende o ano 1931.

Até 2004, ano no que o complexo recae no seu actual propietario, a navieira Vasco Galega e Consignacións, con anos de actividade no sector do transporte e na distribución de mercadorías, tras comprarllo en 2004 por 2,4 millóns € ao Banco Pastor (entidade que, co visto e prace do Goberno de Manuel Fraga no ano 2000, proxectara un hotel de 5 estrelas e un centro termal no mosteiro). Pasados 13 anos, esta mercantil, mudou de nome a Kaleido Ideas & Logistics, mais o mosteiro, lonxe de evolucionar, sufriu unha deterioración palpábel.

No 2005 créase Residencial Mosteiro de Oia, S.A., promotora do proxecto hoteleiro, residencial e turístico. A entidade asegura que o principal obxectivo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:49
Nº Rexistro: 39091
Data envio: 18/10/2018 16:49:37.234

pasa pola restauración, rehabilitación e posta en valor do conxunto monacal e da súa contorna. "Formúlase a instalación dun complexo hostaleiro composto por un hotel de 4 estrelas cunha capacidade aproximada de 72 cuartos e mil metros cadrados de salóns para celebracións e eventos localizados no cenobio", afirma a empresa, "recóllese tamén a construción de "150 prazas de aparcadoiro exteriores para uso de visitantes e clientes". Aparellado a este proxecto, prevese instalar un centro de talasoterapia "e a posibilidade de desenvolver nos terreos do ámbito de actuación unha serie de edificacións de uso hoteleiro e/ou residencial cuxa tipoloxía e desenvolvemento terán relación coa trama do lugar. A intención é ser un elemento que a complete e non un elemento que agreda". O proxecto está paralizado, así como os procesos urbanísticos destinados a súa rehabilitación como complexo hostaleiro e residencial.

A veciñanza, testemuña do deterioro, ven reclamando desde hai anos que se cumpra a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia e que se garanta a conservación deste monumento.

Denuncian o incumprimento desta lei e a lamentable situación na que se atopa o mosteiro, a non restauración das dependencias do mosteiro e da antiga igrexa monacal, necesitada tamén de atención, fan perigar o conxunto dos edificios.

Ademais, arredor deste ben de interese cultural do Mosteiro de Oia, hai unha historia silenciada: foi campo de concentración e represión.

Falar de Santa María de Oia é falar tamén do tempo e da ausencia.

Santa María foi campo de concentración no ano 1937 (entre 3.500 e 5.000 persoas presas sufriron a represión entre as súas paredes). Un dos eixes do terror imposto para asoballar á oposición, xa que a súa finalidade era a persecución, illamento, castigo, humillación e difamación da disidencia, así como a re-socialización nos valores del "Nuevo Estado". O seu obxecto non eran só o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:49
Nº Rexistro: 39091
Data envio: 18/10/2018 16:49:37.234

exército republicano, senón tamén os partidos políticos, sindicatos ou intelectuais "desafectos".

O pasado faise presente non só coa representación da realidade, a través da memoria dunha actividade oculta da que coñecemos dalgunha testemuña. A historia silenciada, si. A "Cartografía da represión franquista" alimenta as nosas conciencias. Este lugar acumulou unha enorme carga histórica e tráxica. A presencia nas paredes dalgunhas estancias de grafitos correspondentes a esta época, testemuña única, que merece ser preservada.

As chuvias de decembro de 2017, produciron un importante burato na parte norte do teito do Mosteiro, deteriorando máis este Ben de Interese Cultural.

A lei de patrimonio cultural de Galicia recolle no artigo 2 a competencia exclusiva da Xunta de Galicia sobre o patrimonio cultural de Galicia, a cooperación interadministrativa, e a protección do patrimonio por parte dos poderes públicos, colaboración que se recolle amplamente no artigo 3.1.a), b), e c) de dita lei que esixe a salvagarda do patrimonio, o fomento da protección e recuperación, a adopción de medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens nos que perigue a integridade ou o seu valor, e a comunicación ä Xunta de calquera ameaza, perturbación, ou dano do valor cultural que tales bens sufran. Ademais, establécense as obrigas para os concellos (artigos 33.2, 35.5, 37.2 nos que estean radicados os bens e os propietarios dos mesmos existe na conservación do ben (artigo 32 e 37) e á administración velar para que se faga de forma efectiva (artigo 33).

Ademais, desde o verán incúmprese o réxime de visitas, que obriga a abrir catro veces ao mes este conxunto de Oia, de estilo cisterciense e emprazamento único á veira do Atlántico. Constátase o desleixo que está levando ao colapso do cenobio.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:49
Nº Rexistro: 39091
Data envio: 18/10/2018 16:49:37.234

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta a :

1.- Adoptar as medidas cautelares urxentes para a salvagarda, reparación do lousado e paredes do Mosteiro de Oia, así como outros elementos, segundo os artigos 3.1.b) e 33 da lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia.

2.- Adoptar as medidas tendentes ao cumprimento do dereito de acceso da cidadanía ao Mosteiro de Oia, segundo o recollido nos artigos 5.1 e 48 da lei 5/2016.

3.- Esixir á propietaria do Mosteiro de Oia a reparación da cuberta e rehabilitación integral do conxunto monacal Mosteiro de Oia.

4.- Inspeccionar e no seu sancionar, pola situación de incumprimento do deber de protección e conservación do Mosteiro de Oia, aos propietarios.

5.- Examinar, en último caso, a posibilidade de expropiar o cenobio cisterciense e/ou o conxunto do Mosteiro de Oia para a súa conservación e restauración integral e a súa reversión para o público.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 16:49
Nº Rexistro: 39091
Data envio: 18/10/2018 16:49:37.234

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/10/2018 16:46:14

Luca Chao Pérez na data 18/10/2018 16:46:20

Luis Villares Naveira na data 18/10/2018 16:46:38